



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

PROGRAMA MENIÑEIRO - SEMANA SANTA 2018

O departamento de Servizos Sociais do Concello de Cabana de Bergantiños organiza o Programa Meniñeiro co obxectivo de fomentar a corresponsabilidade entre mulleres e homes a través da conciliación dos seus tempos persoais, laborais e familiares mediante a realización de actividades educativas e lúdicas, dirixidas ós/ás nenos e nenas, durante os períodos vacacionais.

1. DESTINATARIOS/AS

Nenos e nenas de entre 3 (escolarizados/as) e 12 anos que cumpran os seguintes requisitos:

- *Empadroados/as no concello ou non empadroados/as pero que o seu/súa pai, nai ou titor/a traballe no concello.*
- *Que o seu/súa pai/nai ou titor/a estén traballando.*

2. TEMPORALIZACIÓN E LUGAR DE CELEBRACIÓN

Días: 26, 27 e 28 de marzo de 2018.

Horario: de 10:00 a 14:00 horas.

Lugar: Casa da Cultura.

3. INSCRICIÓN E DOCUMENTACIÓN

O prazo para presentar as solicitudes será dende o 14 ata o 21 de marzo.

As solicitudes recolleráanse no departamento de servizos sociais (educadora familiar) ou na web do concello (www.concello-cabana.es) e presentaranse no rexistro municipal coa seguinte documentación:

- *fotocopia do DNI do/a nai/pai ou titor/a da/o menor.*
- *documentación acreditativa da necesidade de conciliación (última nómina, informe de vida laboral actualizado, certificado de empresa, recibo de pago de autónomos, contrato laboral ou outra documentación que acredite dita necesidade). No seu defecto, declaración xurada indicando as circunstancias que motivan a necesidade de conciliación.*



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

A admisión dos/as menores no programa farase, cumpridos os requisitos, por riguroso orde de rexistro de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Cabana de Bergantiños ata cubrir as prazas disponibles.

No caso de non ocuparse todas as prazas, podrán participar no programa os/as fillos/as dos/as proxenitores que non estén traballando e que estén empadroados/as no concello e, por último, os/as empadroados/as noutros concellos.

Se elaborará unha lista de admitidos/as e una lista de agarda. No caso de renuncia, o listado irá correndo segundo orde numérica.

A concesión da praza implica a asistencia a actividade polo que as faltas non xustificadas e reiteradas significarán a perda da mesma.

A lista de admitidos/as estará á disposición dos/as interesados/as para a súa consulta no departamento de servizos sociais (educadora familiar) o día 22 de marzo de 2018.

